

CONCELLO DE \_\_\_\_\_

**COMUNICACION PREVIA DE TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO  
(DISPAROS DE MAIS DE 10 KG E ATA 100 KG DE MATERIA REGLAMENTADA)**

**ENTIDADE ORGANIZADORA**

DNI/CIF		Nome e apelidos/Razón Social		
Rúa	Núm.	Andar	Porta	
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	
Correo electrónico				

**REPRESENTANTE**

DNI		Nome e apelidos		
Rúa	Núm.	Andar	Porta	
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	
Correo electrónico				

**COMUNICACIÓN PREVIA PARA TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO DE ACORDO COS SEGUINTE DATOS**

Data	Hora	Superficie a ocupar		
Lugar	Parroquia			
Contido materia regulamentada	Retirada vehículos	Corte de tráfico		
Descrición dos fogos e motivo				
Datos da empresa de expertos			CIF	
Nome e apelidos do experto que realizará a tirada			DNI	
Nome e apelidos do experto suplente			DNI	

Declaro baixo a miña responsabilidade, como promotor da actividade solicitada, que os datos e documentos que se achegan correspóndense co que se está solicitando e son certos; asumindo a responsabilidade da actividade.

Declaro asemade que coñezo e acepto as seguintes normas:

- A autorización quedará sen efecto no suposto de que o índice de incendio é extremo (este índice pode consultarse na páxina web [http://mediorural.xunta.es/nc/areas/forestal/incendios\\_forestais/irdi/](http://mediorural.xunta.es/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/)).

- A autorización outorgada non me eximirá das responsabilidades que procedan por danos ou perdas, en caso de negligencia ou imprudencia.

- Cumprirei o establecido no Real Decreto 989/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería e demais normativa de aplicación.

.A zona afectada deixarase nas mesmas condicións de limpeza, hixiene e salubridade previas ó acto, levándose a cabo a reposición de calquera ben ou servizo público afectado.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20\_\_

**“NO CASO DE QUE O LANZAMENTO SE VAIA A REALIZAR EN ÉPOCA DE ALTO RISCO E EN ZONA FORESTAL OU DE INFLUENCIA FORESTAL É PRECEPTIVA A PRESENTACIÓN DUNHA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN ADICIONAL (ANEXO IV)”**

## INSTRUCCIÓN XERAIS

A. O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.

B. Logo de cumprimentado presénteo asinado en calquera dos rexistros do Concello.

- Asemade poderán presentarse en calquera dos lugares indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

## INSTRUCCIÓN PARTICULARES

1. Representante: Se o solicitante é unha persoa xurídica (asociación, comisión de festas, etc.) deberán cumprimentarse obrigatoriamente os datos do representante que figuran na solicitude.

2. Deberá acompañar á solicitude unha copia do documento de identidade (NIF/CIF/NIE...)

3. A solicitude deberá presentarse cunha antelación mínima de **10 días hábiles**.

Enténdese por:

**Entidade organizadora:** a persoa física ou xurídica, pública ou privada, que organiza o espectáculo, en solo público ou privado, e que asume perante a Administración e o público a responsabilidade da celebración do espectáculo.

**Empresa de expertos:** a persoa física ou xurídica titular dun taller de preparación e montaxe que cumpre cos requisitos establecidos na ITC 8, e á que a entidade organizadora encarga a prestación do servizo, incluíndo as operacións de montaxe do espectáculo e a realización do disparo por persoal pertencente á dita empresa.

**Experto:** persoa vinculada á empresa de expertos que, dispoñendo de carné de experto, realiza as operacións de desembalaxe, montaxe, manipulación e disparo dos artificios pirotécnicos.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

### **Con carácter xeral:**

• Plano do lugar do disparo.

### **En función do contido de materia regulamentada:**

#### **a) Superior a 10 kg e inferior a 50 Kg:**

a. Copia da comunicación presentada na Subdelegación do Goberno da Coruña.

b. Identificación da empresa de expertos que realice o espectáculo.

c. Certificación de compañía aseguradora ou correduría de seguros da contratación de póliza de seguros de responsabilidade civil asinada pola empresa de expertos, que cubra a actividade de realización do espectáculo solicitado, e que coma mínimo, deberá cubrir un capital de 754.764 € de responsabilidade civil.

d. Relación de artificios pirotécnicos, tipo, número, cantidade por artefacto, total do conxunto e tempo previsto para cada sección ou conxunto homoxéneo.

#### **b) Superior a 50 kg e igual ou inferior a 100 kg:**

a. Copia da comunicación presentada na Subdelegación do Goberno da Coruña.

b. A documentación relacionada no suposto a)

c. Plan de Seguridade que comprenderá o previsto no apartado 5 da ITC 8 do Regulamento de artigo pirotécnicos.

Admitirase unha única póliza que cubra conxuntamente os casos descritos.

O Concello poderá requirir a documentación complementaria que resulte precisa.

Se a documentación presentada fora incompleta a declaración responsable NON SURTIRÁ EFECTOS.

**“NO CASO DE QUE O LANZAMENTO SE VAIA A REALIZAR EN ÉPOCA DE ALTO RISCO E EN ZONA FORESTAL OU DE INFLUENCIA FORESTAL É PRECEPTIVA A PRESENTACIÓN DUNHA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN ADICIONAL (ANEXO IV)”**